

## **BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS Á REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO CONCELLO DE CANGAS (FASE 12ª) PLAN ESTATAL 2013-2016**

### **PRIMEIRO.- BENEFICIARIOS/BENEFICIARIAS:**

Os propietarios únicos de edificios de vivendas, os propietarios de vivendas, as comunidades de propietarios de edificios de vivendas en réxime de propiedade horizontal, as agrupacións de comunidades de propietarios, os consorcios e entes asociativos de xestión e as persoas físicas ou xurídicas que posúan un dereito real sobre o inmovible que lles permita acometer as actuacións de rehabilitación, ou os inquilinos autorizados polo propietario.

### **SEGUNDO.- OBXECTO**

Cubrir parte dos gastos da execución das obras ou traballos de mantemento e intervención en edificios e vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos á normativa vixente e sempre dentro dos ámbitos das áreas de rehabilitación do Concello de Cangas, segundo o establecido no acordo asinado entre o Ministerio de Fomento, o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello de Cangas, o 26 de outubro de 2017.

Ditas bases terán vixencia ata o 31 de decembro de 2018, data en que remata a duración do acordo do 26 de outubro de 2017.

### **TERCEIRO.- BASES REGULADORAS**

Establécense nesta mesma orde de convocatoria.

### **CUARTO.- CONTÍA**

Segundo o artigo 12 da Orde do 23 de xuño de 2017, as contías das axudas con cargo ao Ministerio de Fomento:

A contía máxima das axudas determinarase atendendo ao orzamento protexible da actuación e non poderá exceder do 35% do custo subvencionable da actuación ate un máximo de once mil euros (11.000,00 €) por cada vivenda obxecto de rehabilitación.

Segundo o artigo 13 da Orde de 23 de xuño de 2017, as contías das axudas con cargo á Comunidade Autónoma serán as seguintes:

Ata catro mil euros (4.000,00 €) por vivenda obxecto da actuación de rehabilitación, sen que a subvención poida exceder o 10% do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou do edificio.

### **QUINTO.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto desde o 15 de febreiro de 2018 ata o 15 de abril de 2018. As solicitudes presentaranse en impreso oficial normalizado anexo I (modelo solicitude) que se achega".

Segundo.- Dar publicidade ás sinaladas bases mediante a publicación de anuncio no taboleiro de edictos municipal, na páxina web do Concello e nun dos diarios de maior circulación da comarca.